



PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **TRABALLO FIN DE ESTUDOS/ACORDEÓN**

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA.

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

CURSO 2024/25

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA DE TRABALLO FIN DE ESTUDOS										
ESPECIALIDADE:	INTERPRETACIÓN							ITINERARIOS:	ACORDEÓN	
CARÁCTER:	OBRIGATORIA							TIPO DE CLASE:	INDIVIDUAL	
DEPARTAMENTO:	ACORDEÓN							XEFE DE DPTO.:	NORBERTO MAGÍN PRIETO TRANCÓN	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:		NORBERTO MAGÍN PRIETO TRANCÓN		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	Horas de clase semanais:	1 H	
ECTS/CUAD.							I	Observacións:		
DOCENTES:	NOME E APELIDOS							EMAIL/TEL/WEB	TITORÍA	
	NORBERTO MAGÍN PRIETO TRANCÓN							<a href="mailto:norbertompt@edu.xunta.gal">norbertompt@edu.xunta.gal</a>	VENRES 10:30-11:30	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Interpretación dun concerto público coa elaboración e defensa dun traballo académico que poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio escollido, do seu instrumento ou calquera outra temática relacionada coa Especialidade e itinerario.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Son coñecementos previos todos os abordados ao longo de todos os estudos conducentes á titulación na especialidade e itinerario correspondente. Requírese estar matriculado nos créditos da disciplina do traballo fin de estudos, así como o cumprimento dos prazos e normas establecidas no protocolo correspondente, aprobado polo centro. A presentación pública do TFE estará condicionada á superación de todas as disciplinas que integran o plan de estudos da súa especialidade.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	A disciplina do traballo fin de estudos ten relación directa con todas as disciplinas da especialidade e itinerario correspondente.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X5, X6, X7, X8, X10, X13, X21, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI6, EI8, EI10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro.	



### 3. OBXECTIVOS

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
<p>Elaborar e defender un traballo académico que integre, sintetice e aplique os coñecementos teóricos adquiridos o longo dos cursos e saber buscar e seleccionar información valorando o xeito crítico.</p> <p>Deberá ter unha extensión mínima de 20 páxinas, en tamaño DIN A-4 con letra Arial 12 puntos a dobre espazo.</p> <p>Dito traballo deberá conter un resumo da memoria xustificativa, ademais dun idioma estranxeiro, en galego e castelán.</p> <p>O tempo de exposición do traballo será de 20 minutos como máximo. Haberá un tempo máximo de 10 minutos para que o tribunal realice preguntas ao alumno sobre o traballo presentado.</p> <p>O/A alumno/a entregará o traballo na secretaría do centro nas datas que se determinen a tal efecto, que con carácter xeral ha de ser posterior á publicación das cualificacións e en calquera caso, con tres semanas de antelación sobre a data do exame.</p>	<p>T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16, X5, X8, X10, X13, X25, EI6.</p>
<p>Interpretar un concerto público onde se reflectan todos os coñecementos prácticos e artísticos adquiridos o longo das disciplinas cursadas. Este concerto deberá ter unha duración entre 45 e 70 minutos, cun descanso opcional non computable que non supere os quince minutos.</p>	<p>T1, T2, T3, T6, T15, T16, X2, X3, X6, X7, X8, X13, X21, X25, EI1, EI2, EI3, I4, EI5, EI8, EI10.</p>

### 4. CONTIDOS

TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
<p><i>Exercicio escrito (Traballo académico e defensa do mesmo)</i></p>	<p>1. A aprobación do proposta do Traballo académico seguirá o procedemento xeral descrito na ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música en desenvolvemento do Decreto 163/2015, así como tamén o recollido no Protocolo do TFE vixente para o curso académico actual.</p> <p>2. O traballo poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento ou calquera temática relacionada coa especialidade, tanto en aspectos históricos, estilísticos como didácticos, e aprobada polo departamento.</p> <p>3. Aspectos formais:</p> <p>3.1. Deberá ter unha extensión mínima de 20 páxinas, tamaño DIN A4, letra Arial tamaño 12, a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos.</p> <p>3.2. Deberá estar debidamente presentado, cunha correcta encadernación, que permita a súa posterior garda na biblioteca do centro. Dito traballo deberá conter un resumo da mesma nun idioma estranxeiro, de entre 300 e 700 palabras. O traballo deberá conter as seguintes seccións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Portada</b> cos datos identificativos: Título, Autor, Titor/a, Curso académico,</li> </ul>	<p>TODAS</p>



	<p>Especialidade-Itinerario, Logo oficial do Conservatorio.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Resumo/Abstract</b> (dous idiomas, un deles estranxeiro)</li> <li>• <b>Índice</b></li> <li>• <b>Introdución: xustificación do tema, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, de ser o caso, e metodoloxía.</b></li> <li>• <b>Corpo do traballo, organizado en capítulos, se é o caso.</b></li> <li>• <b>Conclusións / Resultados</b></li> <li>• <b>Bibliografía</b></li> <li>• <b>Anexos documentais (opcional)</b></li> </ul> <p>4. Respecto das características e número de exemplares a entregar do TA, seguirase o recollido no Protocolo do TFE vixente no curso académico.</p> <p>5. O alumno/a disporá dun máximo de 20 minutos para a defensa do seu traballo académico, a continuación o tribunal abrirá un proceso de debate ou poderá formular rolda de preguntas, cun máximo de 10 minutos para dita parte.</p> <p>6. Poderase facer uso de software para apoiar a presentación, no que se pode incluír audio e vídeo se é necesario. Do mesmo xeito, tamén se pode apoiar a presentación coa interpretacións de exemplos ou pasaxes co instrumento.</p>	
<p><i>Interpretación (Concerto público)</i></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. O programa de concerto terá unha duración de entre 45 e 70 minutos, coa posibilidade dun descanso opcional que non computará no tempo e que non debe exceder de 15 minutos.</li> <li>2. A proposta do programa de dito concerto terá que ser aprobada polo departamento e será entregada na forma e prazos establecidos no protocolo aprobado polo centro. No caso de que se producise algunha modificación sobre o programa a interpretar deberá ser notificado mediante instancia dirixida ao departamento para a súa supervisión e aprobación, de ser o caso. Realizarase con suficiente antelación determinada polo departamento na programación docente da disciplina. Unha vez recibida a solicitude, o departamento resolverá ao respecto sobre dita posible modificación.</li> <li>3. O alumno ou alumna poderá incluír no seu programa pezas de música de cámara o dúo sempre que non superen o 12% do tempo total da duración mínima. Para a interpretación destas obras o alumno presentará os seus propios acompañantes.</li> <li>4. Esixirase que á menos 10 minutos terán que ser interpretados de memoria.</li> <li>5. O alumno ou alumna deberá elaborar un programa de man con notas ao programa e unha breve presentación do intérprete. Respecto das copias a entregar das partituras do programa de concerto, seguirase o recollido no Protocolo do TFE vixente no curso académico.</li> </ol>	<p>TODAS</p>



--	--	--

### 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Proposta dun traballo académico	Non presencial	Comezo curso
Elaboración dun traballo académico	Non presencial	No prazo que a CCP determine a tal fin
Proposta dun programa de concerto solista.	Non presencial	No prazo que a CCP determine a tal fin
Ensaio para a preparación da presentación pública dun concerto solista	Presencial	Regulares
Tutorías	Presencial	Regulares
Exposición e defensa do traballo académico	Presencial	Ao final, dentro do calendario establecido a tal fin
Interpretación pública do concerto	Presencial	Ao final, dentro do calendario establecido a tal fin

### 6. AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

COMPETENCIAS AVALIADAS | PONDERACIÓN

#### 6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA

6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)



<p><b>Interpretar as obras do repertorio</b> Á menos unha das obras será interpretada de memoria. A duración será entre 45 e 70 minutos.</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Execución rítmica precisa e segura.</li> <li>2. Fidelidade ao texto.</li> <li>3. Interpretación correcta dos signos de articulación e expresión.</li> <li>4. Coherencia e rigor estilística na interpretación.</li> <li>5. Profesionalidade no escenario, utilización de recursos escénicos.</li> <li>6. Interpretación de memoria do repertorio.</li> <li>7. Variedade no repertorio interpretado.</li> </ol>	<p>E1,E4,X11, E5,T6,X8,X 24,T1,T3</p>	<p>80%</p>
<p><b>Elaborar un traballo académico</b> O traballo tratará sobre aspectos do repertorio elixido ou sobre calquera temática relacionada coa especialidade.</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Orixinalidade do obxecto de estudo e rigor na metodoloxía empregada. Aproximación ao obxecto de estudo desde unha perspectiva científica, performativa, histórica ou pedagóxica.</li> <li>2. Claridade na redacción do texto, coherencia na estruturación, rigor no manexo e uso das fontes bibliográficas e do sistema de citas empregado.</li> <li>3. Interese dos resultados e/ou conclusións achegadas.</li> <li>4. Claridade e orixinalidade na exposición pública: estruturación axeitada, coherencia entre o contido da exposición e o corpo do TA, uso de ferramentas de apoio e/ou interpretación propia de exemplos musicais.</li> </ol>	<p>T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15,T16, X5, X8, X10, X13, X25, EI6.</p>	<p>20%</p>

**Observacións:** O alumno/a disporá de dúas convocatorias, ordinaria e extraordinaria respectivamente, para a superación desta disciplina. A avaliación e cualificación correspondente á convocatoria ordinaria realizarase ao remate do segundo cuatrimestre de cada ano académico, e a correspondente á convocatoria extraordinaria realizarase no mes de xullo. De ser o caso, o alumnado que non supere ou non presente o traballo fin de estudos (TFE) no curso escolar en que finaliza os estudos, terá dereito a utilizar as convocatorias correspondentes durante o primeiro cuatrimestre do seguinte ano académico. Será necesario aprobar ambas partes do TFE (Traballo teórico e interpretación) para poder facer media. (80% recital e 20 % traballo teórico).

## 8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

- 10 ans avec l'accordéon. Pascal Contet, Jean-Marie Geiser, Frédéric Guérouet, Xavier Padeloup.
- Accordion Resource Manual. Joseph Macerollo
- Accordion. Walter Maurer.
- Acordeón para compositores. I. Alberdi / R. Llanos.



- Akkordeon Bibliographie. Walter Maurer.
- Akustische Probleme bei Akkordeons und Mundharmonikas. Gothard Richter
- Breve historia del acordeón. Gorka Hermosa
- El acordeón mesotónico. Ander Tellería
- El acordeón en el siglo XIX. Gorka Hermosa
- L'accordéon. Instrument du XX Siécle. Pierre Gervasoni
- L'accordéon 1971. Pierre Monichon
- L'accordéon 1985. Pierre Monichon
- Petite Historie de l'accordéon. Pierre Monichon
- The in and outs of the accordion. Thierry Benetoux
- The Art of Bayan Playing. Friedich Lips